Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal
www.cee.gal

Concello de Cee

Exp. 2023/G010/000010

# ACTA Nº 2023/11

## SESIÓN Ordinaria DO PLENO DA CORPORACIÓN

## - SALÓN PLENOS CONCELLO DE CEE, venres 28 de xullo de 2023 -

No día de hoxe, ás 19:58 horas, baixo a presidencia da alcaldesa, reúnense os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do secretario, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

| |
|---|
| **ALCALDESA** |
| MARGARITA LAMELA LOUZÁN |
| **CONCELLEIROS/AS** |
| RUBÉN VILLAR AGULLEIRO |
| EMILIA MARÍA TRILLO LOJO |
| SERGIO ROMERO CONDE |
| MARÍA LUISA RODRÍGUEZ RIVEIRO |
| BELÉN FERNÁNDEZ CONDE |
| ALFONSO CANOSA BLANCO |
| JESÚS ÁNGEL PICALLO SANTOS |
| AGUEDA MARÍA DÍAZ MEJUTO |
| MARÍA VICTORIA AREAS POSE |
| SERXIO DOMINGUEZ LOURO |
| MONSERRAT CANOSA VIGO |
| MARÍA DEL PILAR IGLESIAS LEMA |
| **SECRETARIA** |
| ROCIO HERMIDA CANCELA |
| **INTERVENTORA ACUMULADA** |
| NON ASISTE |

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que a alcaldesa, como Presidenta, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA**

## A) PARTE RESOLUTIVA

### DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMÍA E FACENDA

1. **Proposta da alcaldía relativa á aprobación do Prezo Público pola asistencia o Programa de Servizo de Madrugadores/as . Expediente Nº: 2023/G015/00000.**

Considerando o seguinte:

"Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Economía e Facenda o día venres 14 de xullo de 2023 emitiuse o seguinte **DITAME**:

**"ASUNTO ÚNICO**

**Proposta da alcaldía relativa a aprobación do Prezo Público pola asistencia o Programa de Servizo de Madrugadores/as. Expediente núm.: 2023/G015/000001.**

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



FIRMADO POR Rocio Hermida Cancela (FECHA: 08/08/2023 10:31:00) , Margarita Lamela Louzán (FECHA: 08/08/2023 12:07:00)
Versión imprimible
CVD: i5zbVlOlGhybCosMhCBH
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Cee

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal
www.cee.gal



Considerando a seguinte Proposta Modificada no seo da comisión:

**"PROPOSTA ALCALDÍA**
**Expediente núm.:** 2023/G015/000001
**Procedemento:** Aprobación do prezo público pola asistencia ao programa de servizo de madrugadores/as.

Margarita Lamela Louzán, alcaldesa do Concello de Cee, visto que o artigo 25 da Lei 8/1989 de 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos establece:

*"1. Os prezos públicos determinaranse a un nivel que cubra, como mínimo, os custos económicos orixinados pola realización das actividades ou a prestación dos servizos ou a un nivel que resulte equivalente á utilidade derivada dos mesmos.*

*2. Cando existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen, poderán sinalarse prezos públicos que resulten inferiores aos parámetros previstos no apartado anterior, previa adopción das previsións orzamentarias oportunas para a cobertura da parte do prezo subvencionada."*

Considerando que obra no expediente o custe e alcalce do servizo para o ano 2023/2024.

Visto o informe de fiscalización emitido pola Sra Interventora en data 11 de xullo de 2023 conforme o expediente axústase a normativa aplicable.

En uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente, **PROPOÑO** o **PLENO DA CORPORACIÓN**:

**PRIMEIRO.** Aprobar o **PREZO PÚBLICO POLA ASISTENCIA O PROGRAMA DE SERVIZO DE MADRUGADORES/AS**, que se transcribe:

**ARTIGO 1.–FUNDAMENTOS E NATUREZA.**

De conformidade co previsto nos artigos 127 e do 41 ao 47 do Real Decreto Lexislativo, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais, este Concello establece o prezo público pola asistencia aos Programas de Madrugadores (Ceediño) que ten lugar nos meses escolares de 7.30 a 9.30h.

**ARTIGO 2.- CONCEPTO.**

O prezo público regulado neste acordo constitúe unha prestación patrimonial de carácter público que se satisfará polas persoas usuarias que voluntariamente soliciten a participación nas actividades definidas no artigo 1.

**ARTIGO 3.–OBRIGADAS/OS AO PAGO.**

Están obrigadas/os ao pago do prezo público, as persoas físicas ou xurídicas que soliciten nalgunha das actividades enumeradas no artigo 1.

**ARTIGO 4.–CONTÍA.**

Os prezos públicos rexeranse polo seguinte cadro de tarifas, tendo en conta a Renda per cápita mensual da unidade familiar:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



FIRMADO POR Rocio Hermida Cancela (FECHA: 08/08/2023 10:31:00) , Margarita Lamela Louzán (FECHA: 08/08/2023 12:07:00)
Versión imprimible
CVD: i5zbVlOlGhybCosMhCBH
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Cee

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal
www.cee.gal



| RENDA PER CÁPITA MENSUAL | PREZO |
|---|---|
| Inferiores ou igual a 200 € | 5€/mes |
| Superior a 200 € ou Inferior ou igual a 500€ | 20€/mes |
| Superior a 500€ e inferior ou igual a 1.000€ | 30€/mes |
| Superior a 1.000€ e inferior ou igual a 2.000€ | 40€/mes |
| Superior a 2.000€ | 54,40€/mes |

Precio por día solto: 5€

**ARTIGO 5.–OBRIGA DE PAGO E PRAZOS DE PAGO.**

1. A obriga de pago xurdirá con carácter xeral cando se inicie a prestación dos servizos correspondentes. Non obstante, cando por causas non imputables a persoa demandante do servizo, este non se prestase, procederase á devolución do importe efectivamente aboado.

2. O prezo público aboarase en réxime de autoliquidación e depósito previo do mesmo, que deberá ser aboado cando se realiza a solicitude do servizo. En todo caso, non se iniciará a prestación do mesmo se non se realizou o depósito previo.

**ARTIGO 6.–PROCEDEMENTO DE APREMIO.**

As débedas por impago dos prezos contemplados no artigo 4 esixiranse polo procedemento de constrinximento de acordo co disposto nos artigos 10.1 e 46.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais.

**DISPOSICIÓN DERRADEIRA**

O presente acordo entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no BOP.

**SEGUNDO.** Proceder a súa publicación no BOP e Taboleiro edictal do Concello de Cee así como na sede electrónica desta Entidade *[dirección https://www.cee.gal]*.

**TERCEIRO.** Facultar á Alcaldía para subscribir os documentos relacionados con este asunto.

Asindo dixitalmente o marxe.
Alcaldesa do Concello de Cee.
Margarita Lamela Louzán."

**Sométese a votación a Proposta e resulta ditaminada favorablemente no seguinte sentido: 5 votos a favor do grupo político PSOE e 4 abstencións dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.**

A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA."

**---------------------------------------------------------INTERVENCIÓNS-----------------------------------------------**

Sra alcaldesa: xa coñecen a proposta xa foi tratada na comisión, algunha intervención?
Sr Picallo: boas tardes a todos, pois neste punto coincidimos en todas as medidas que faciliten a ansiada conciliación xa que somos conscientes do difícil que é compatibilizar o traballo co coidado, inda estando de acordo parécenos unha medida insuficiente xa que dende o PP consideramos que este servizo tamén tiña que estar dispoñible na gardería municipal para dar cobertura a nais e pais que teñen quendas non compatibles cos devanditos horarios, así no lo fan saber o persoal do hospital Virxe da Xunqueira de Cee non obstante votaremos a favor desta proposta.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



FIRMADO POR Rocio Hermida Cancela (FECHA: 08/08/2023 10:31:00) , Margarita Lamela Louzán (FECHA: 08/08/2023 12:07:00)
Versión imprimible
CVD: i5zbVlOlGhybCosMhCBH
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal
www.cee.gal



Sr Domínguez Louro: ben, nos como xa diximos outro día na comisión non coincidimos coa táboa de prezos que se vai aprobar hoxe aqui que foi proposta polo goberno porque consideramos que por exemplo unha familia cunha renda inferior a 200 euros non está en disposición de pagar 5 euros o mes por un servizo de madrugadores, ademais nesa táboa cremos que se deberían ter tamén outras consideracións, casuísticas, por exemplo das familias monoparentais, numerosas, a situación do desemprego dos proxenitores o número de fillos ou fillas usuarias do mesmo servizo e vítimas de violencia de xénero, membros da familia con discapacidade, a situación laboral de cada un dos proxenitores etc etc, tendo en conta que o propio servizo non conta con servizo de almorzo parécenos as contías excesivas entón, polo tanto inda pensando e crendo que é un servizo mais que necesario como non estamos de acordo coa táboa vamos votar en contra inda que evidentemente nos alegrará que saia adiante e veremos que resultado da si aumenta o servizo a demanda ou non.
Sra Iglesias: bueno nos vamos a votar a favor,  a verdade teño que recoñecer que inda que me puxen en contacto con pais e nais nin eles mesmos teñen demasiada información, este servizo empezou coa AMPA o recolleu o concello o ano pasado de xaneiro a xuño sen coste, entón non sei si naquel momento se fixo sen coste e foi posible porque agora non é posible sen coste, unha pregunta que lle plantexo si me quere contestar, o que si plantexamos e que Vde tamén chegou a dicir que si non continuaba como alcaldesa o servizo se ía deixar eu tamén como manifestei na campaña electoral cando un servizo chega a un concello sabemos que ningún político que chegue o vai retirar no sigo XXI é un servizo benvido pero é verdade que hai que plantexar si legalmente é posible sen coste como Vde ben fixo de xaneiro a xuño non sabemos si electoralmente ou porque foi, agora non, buscar un modo de que non se pague ou como fixeron na escola infantil con informes en contra de tesourería, intervención e secretaría, entón pois que se valore a posibilidade é a petición de IXCee de que sexa gratuíto todo ano, porque Vde tamén mantivo conversacións con nais e pais el le prometeu que no verán se ía dar, agora mesma solo vai ser no período escolar, esa é a petición, non me atrevo a votar en contra coma o compañeiro non me atrevo a absterme porque vai ser positivo espero que o meu voto a favor non me veña en contra e mañá algún pai ou nai me diga como aprobas esto que eu non alcanzo a pagar.
Sra alcaldesa: vou darlle a palabra a concelleira de servizo socias soamente vou contestarlle a Vde a Sra Iglesias que por parte miña cando mantiven a reunión dixen que o servizo en un principio que ía a continuar e que non consideraba que ningún partido político alcalde ou alcaldesa que fose porque había eleccións sacaran este tipo de prestación de servizo porque consideraba que ningun alcalde ou alcaldesa o ía facer, iso foi o que trasladei en todas as reunións.
Sra Trillo: para contestar a cuestión do PP, que é insuficiente, a gardería abre de 8 a 8 da tarde, é unha licitación, entón os outros anos o que se está facer si algun pai entra as 8,  ás 8 menos cuarto estase a recoller os nenos, eso teríase que recoller na licitación mais adiante, non pode ser agora, imposible, segundo, contestando a IXCee porque logo deixo para o final o dos prezos e todo esto,  non é certo que non se está facendo,  no campamento de verán, de feito están entrando as 7, 7.30 bueno no de 8 a 10, está funcionando non é certo que non se faga, porque non se pode facer sin coste? porque non podemos ir asumindo servizos a través de maior coste, expliqueino en xaneiro, que pasou de xaneiro a xuño, pedimos todas as subvencións cantas hai, concederon subvención e por eso puidemos poñelo gratuíto, volveu a saír pero para o mesmo período de tempo, non van dala agora mesmo non hai subvención para setembro, outubro, novembro e decembro o que non podemos e estar esperando o ano seguinte si nos dan, si non e se volveu a falar cos pais cos que falamos, eles están dispostos a pagar, non barbaridades eso e certo pero si a pagar porque é un servizo que se debe pagar, de todos modos non é óbice para que si sae unha subvención se pida pero o custe non o temos cuberto, o custe fixo, con estas cantidades é imposible que se cubra, a diferencia si hai subvención vaise pedir, non foi medida electoralista foi que saíu subvención e a deron, non volveu a sair, esa é a razón para traer agora esta táboa de prezos. Que o BNG está en desacordo, bueno o raro sería que estivera de acordo, eso para empezar, si na comisión me plantexan unha alternativa, aqui tes enriba da mesa esto, vir con feitos, e non nas comisións que duran dous minutos, chega vai

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



FIRMADO POR Rocio Hermida Cancela (FECHA: 08/08/2023 10:31:00) , Margarita Lamela Louzán (FECHA: 08/08/2023 12:07:00)
Versión imprimible
CVD: i5zbVlOlGhybCosMhCBH
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal
www.cee.gal



por todos, nin sequera explican as cousas, traia unha proposta, aqui hai que cambiar esto, creo que hai que mellora esto, escoito e da tempo a facelo, nunca traen, polo menos nas comisión que estou eu, é asi, tal cual, así foi a comisión do luns, sempre estamos co mesmo, é verdade, traian o traballo e díganme mira aqui tes unha proposta, familia monoparental, numero usuarios, primeiro esta proposta primeiro pasou por intervención, tesourería e por secretaría, non pode haber exencións, según intervención, as bonificacións en función do nivel de renda, está bastante axustado, fixemos un prezo estimativo do que supoñemos vai ser en vista do prezo pasado saía a 54 euros por neno, o que non nos parece xusto é que alguen que non poda teña que pagar os 54 euros por eso escala de prezos, todo se ten previsto, por iso hai unha bases a hora de solicitar o servizo, ten que ir unha puntuación pero a hora de pagar ten que ir por renda per capita a única maneira de ser xusto para todo mundo, si ten algunha duda mais?

Sr Picallo: nada Sra concelleira non lle dicía que sea para lunes pero que tome nota e que somos conscientes do que a calle demanda, fagan o seu traballo, tomen nota do que lle di a oposición y punto, vale.

Sra Iglesias: Vde dime que o servizo de madrugadores queda cuberto co campamento de verán, non? descoñecía que se cubría, recórdolle que dixen que o meu voto ia ser a favor e que esperaba non equivocarme e solo pedín plantexar si legalmente é posible que sexa sen coste do mesmo feito ca escola infantil con informes en contra de tesourería, intervención e secretaría, ese é o noso plantexamento pero o noso voto vai ser a favor.

Sra Trillo: un matiz, a escola infantil non é gratuíta é coste cero pero a xunta o que é os prezos, devolveos cartos, estanos remunerando a nos, aqui non temos remuneración de ningun tipo, é a diferencia, temos ingresos por ese servizo, aqui si non se pon, non teríamos ningún tipo de ingreso, non hai ninguen que nos remunere por iso, non ten que ver un co outro.

Sra Iglesias: nada mais plantexar facer legalmente a posibilidade que sexa a coste cero igual que na escola infantil.

Sr Domínguez Louro: bueno eu lamento profundamente que sigamos ca mesma cantinela dos catro anos anteriores, resulta que si vimos as comisións e non decimos nada, non decimos nada, si vimos a comisión na cal estaba Vde, si vimos e expoño como expuxen hoxe que deixo enriba da mesa si o queren pillar ben e senon non pasa nada que terán que facer a sua politica tampouco lle vale, dime que traia feitos consumados, que quer a táboa, os números, no ese non é o meu traballo, o meu traballo da igual que se ría ou non, está facendo señas que se está rindo a alcaldesa, non pasa nada, da igual mire non vou entrar nesas historias, o que eu lle expuxen aqui é porque existen concellos na contorna cunha táboa que logo ten reducións por casuísticas das familias, ben sexan monoparentais, mulleres ou familias con violencia de xénero etc e con iso se consiguen uns puntos e reducir a cantidade facendo o mais xusto posible, a nos non nos parece normal que unha familia monoparental dunha nai ou un pai cun fillo ou filla que son duas persoas, que ten un ingreso dunha risga que teñan que pagar por iso, non nos parece normal, e consideramos que si eses factores se tivesen en conta chegaríamos a unha proposta mais social, e sostentable economicamente, xa lla presentei na comisión, para próxima vez mándeme un correo e dígolle onde saquei as táboas e mando pero entendo que si veño a unha comisión informativa con decirlle a nosa propota é esto, creo que é suficiente, consideran que non, bueno non pasa nada, pero rogaría, non rogo nada.

Sra Trillo: dos concellos da contorna, quen ten?

Sr Domínguez Louro: Carballo.

Sra Trillo: porque estiven buscando e cada concello é un mundo, segundo deixeino ben claro intervención di que non pode haber exención, precio cero non se pode poñer.

Sr Domínguez Louro: Non digo que haxa exencións

Sra Trillo: entón bonificacións

Sr Domínguez Louro: efectivamente

Sra Trillo: pero ter que ir en función da renda, non é como di Vde, cando dixo familia monoparental, 3000 euros netos o mes son dous, familia de 4 a nai gana 1200 o pai 1100 que facemos? ten mais



FIRMADO POR Rocio Hermida Cancela (FECHA: 08/08/2023 10:31:00) , Margarita Lamela Louzán (FECHA: 08/08/2023 12:07:00)
Versión imprimible
CVD: i5zbVl0lGhybCosMhCBH
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal
www.cee.gal



dereito a eso, esto é conciliación, que pasa que aqui as rendas baixas ou non baixas o que ten que ser é a conciliación, xa ten pasado de chegar e deixar o neno e nin avisar a xente, entón, 5 euros o mes de verdade que si é moito, imos buscar solución non hai problema pero é un servizo que hai que pagar, familia monoparental, número usuarios vai en función das bases que se aproben agora que si vai incluilo todo, o que non se pode poñer é porque se consensuou con intervención, tesourería e secretaría sobre todo con intervención que o final é quen dita como pode ir ou non pode ir, eso é asi. De verdad que lle agradecería e digo en serio o de creo que ten que ter en conta esto esto e esto, no, me dice mire Enma aqui de 0 a 100 cambiar de 20 a 30, eso non se fai nunca, e que ese non é o meu traballo, vale eu trouxen unha proposta pero poñer as cousas porque creemos, na comisión se cambia o que haxa que cambiar e xa está, pero é o traballo de todos non so do goberno creo eu de verdade que as veces as comisións a min dame pena pero bueno.
Sr Domínguez Louro: o traballo do goberno é gobernar o da oposición é fiscalizar e sumar no que boamente se poda neste caso dixémoslle si Vde estivera interesada o día seguinte podía chamarme oes Serxio onde sacastes esta idea e diría vai a paxina web do concello de Carballo, igual se adapta a realidade de Ceeq ue non se adapta non pasa absolutamente nada, pero falando de servicios gratuítos, Carnota da un servizo gratuíto de madrugadores, pero vale, pasamos diso.
Sra Trillo: cada concello e cada concello.
Sr Domínguez Louro: entendo perfectamente, cada concello que esta proposta se adapta o que lle dixo secretaría e intervención claro que si, non teño dubida diso si fora o dobre tamén seguramente sería o mesmo pero a nosa obriga é sobre todo a do goberno é facer o cadro de tarifas o mais asequible e xusto posible, porque se poden dar paradoxas de que unha familia de pai, nai e dous fillos teñan ingresos traballando un so de 7000 euros, pode ser ou de 3000, si traballan os dous necesitan conciliación pero pode haber a picaresca e o sabe, co mismo nivel de ingresos traballe un e por comodidade tamén o pode levar alí e imaxinemos que perde ese posto, ese sitio, a familia que si traballan os dous, ca táboa que propoñemos cos factores que propoñemos incluso tamén para reducir a cantidade non se daría, Vdes van telo en conta a hora de dar as prazas e tal me parece ben, perfecto, pero insisto en que si estivera recollido aqui estaría mellor, pero é a nosa opinión e a trouxemos a comisión creo que é mais que suficiente porque Vdes gobernan nos facemos oposición e fiscalizamos e damos o que boamente podemos e queremos é normal.

**------------------------------------------------------------VOTACIÓN----------------------------------------------------------**

**<u>Sométese á votación a Proposta e resulta aprobada no seguinte sentido 2 votos en contra do BNG e 11 votos a favor dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.</u>**

**<u>DA COMISIÓN DE PRESIDENCIA, SERVIZOS SOCIAIS, BENESTAR SOCIAL, SANIDADE E IGUALDADE</u>**

2. **<u>Proposta da alcaldía relativa a concesión do título de FILLO PREDILECTO do Concello de Cee ó Dr. FRANCISCO JAVIER BLANCO GARCÍA. Expediente Nº 2023/X999/000197.</u>**

Considerando o seguinte:

"Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Presidencia, Servizos Sociais, Benestar Social, Sanidade e Igualdade o día luns 24 de xullo de 2023 emitiuse o seguinte **DITAME**:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



FIRMADO POR Rocio Hermida Cancela (FECHA: 08/08/2023 10:31:00) , Margarita Lamela Louzán (FECHA: 08/08/2023 12:07:00)
Versión imprimible
CVD: i5zbVlOlGhybCosMhCBH
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal
www.cee.gal



**“2. Proposta da alcaldía relativa a concesión do título de FILLO PREDILECTO do Concello de Cee ó Dr. FRANCISO JAVIER BLANCO GARCÍA. Expediente Nº 2023/X999/000197.**

Considerando a seguinte:

**“PROPOSTA ALCALDÍA**
**ASUNTO:** CONCESIÓN DO TÍTULO DE FILLO PREDILECTO DO CONCELLO DE CEE Ó DR. FRANCISCO JAVIER BLANCO GARCÍA

**EXPEDIENTE Nº:** 2023/X999/000197
Considerando o informe emtido en data 11 de xullo de 2023, por D. Víctor Manuel Castiñeira Castro, Técnico de Administración Xeral, escala Xestión, na concellería de Cultura, Educación, Turismo e Participación Cidadá do concello de Cee , que obra no expediente de referencia.

Resultando que en sesión plenaria do 27 de xaneiro de 2023 aprobouse o Regulamento de Títulos, Honras e Distincións do Concello de Cee (BOP Nº: 57 de data 23/03/2023), que no seu artigo 5 expresamente regula:

*“Título de fillo ou filla predilectos.*

*1. O título de fillo ou filla predilecto/a de Cee distingue persoas, nacidas en Cee, que destacasen polos seus méritos ou calidades persoais, especialmente nos ámbitos cultural, científico, social, artístico, deportivo, político ou económico, ou por servizos prestados en beneficio do concello.*

*2. A aprobación da concesión desta distinción requirirá acordo plenario adoptado pola maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.*

*3. Esta distinción correspondese coa entrega dun pin de solapa co escudo do Concello de Cee e un diploma artístico co escudo de Cee no que constará unha breve mención dos merecementos.”*

En uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente e polo artigo 11.3 do citado Regulamento, **PROPOÑO O PLENO DA CORPORACIÓN** a adopción do seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO**.- **Conceder** o título de fillo predilecto do Concello de Cee o Dr. FRANCISCO JAVIER BLANCO GARCÍA.

**SEGUNDO**.- **Proceder** de conformidade co artigo 5.3 a entrega dun pin de solapa co escudo do Concello de Cee e un diploma artístico co escudo de Cee no que constará unha breve mención dos merecementos.

**TERCEIRO**.-**Facultar** a Sra alcaldesa para a execución dos actos necesarios para levar a cabo a concesión do título.

**CUARTO**.- **Notificar** a D. FRANCISCO JAVIER BLANCO GARCÍA coa indicación expresa de que o presente acordo pon fin á vía administrativa, pode interpor alternativamente recurso de reposición potestativo ante o Pleno deste Concello, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou ben interpor

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



FIRMADO POR Rocio Hermida Cancela (FECHA: 08/08/2023 10:31:00) , Margarita Lamela Louzán (FECHA: 08/08/2023 12:07:00)
Versión imprimible
CVD: i5zbVlOlGhybCosMhCBH
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Cee

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal
www.cee.gal



directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Si optásese por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor Vd. calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

Asinado dixitalmente o marxe.
Alcaldesa do Concello de Cee.
Margarita Lamela Louzán."

**Sométese á votación a Proposta e resulta ditaminada favorablemente no seguinte sentido: 1 abstención do grupo político BNG e 8 votos a favor dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.**
A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA."

**---------------------------------------------------------INTERVENCIÓNS------------------------------------------------**

Sra alcaldesa di que xa coñecen a proposta é a concesión de titulo de fillo predilecto o doutor Francisco Blanco García, catedrático de reumatoloxía, Xefe sección reumatoloxía clínica da area sanitaria Coruña-Cee, director científico do grupo de investigación reumatolóxica -INIBIC-, son innumerables os seus recoñecementos que todos coñecemos, pero destacar o seu compromiso coa súa vida natal e Costa da Morte en xeral xa que leva moitos anos facendo entre os seus conveciños unha moi valiosa labor de divulgación do seu traballo buscando para estes unha mellor calidade de vida ademais da súa colaboración altruísta en favor das institucións, centros de ensino, fundacións sen animo de lucro, solicitando ademais reunións salientando ademais as reunións anuais co equipo INIBIC, na casa cultura de Cee como tiveron hoxe, polo tanto a proposta é o nomeamento de fillo predilecto o doutor Francisco Blanco García.
Sr Picallo: neste caso o PP está totalmente de acordo como non podía ser doutra maneira si alguén o merece é o doutor Blanco non so pola súa dilatada experiencia profesional e académica que evidentemente é mais que destacable senón tamén pola súa calidade como persoa xa que é raro o caso que algún veciño de Cee que teña un problema de saúde non acuda a el para o seu consello, polo tanto para nos, o PP de Cee, é unha honra poder votar favorablemente a este recoñecemento como outros que entendemos que en Cee hai na cultura, deporte, turismo e moitas cousas que así teremos.

**----------------------------------------------------------VOTACIÓN---------------------------------------------------------**

**Sométese á votación a Proposta e resulta aprobada no seguinte sentido: 11 votos a favor do grupo político PSOE, PP e Grupo Mixto e 2 abstencións do grupo político BNG.**

3. **Proposta da alcaldía relativa a concesión de MEDALLAS DO CONCELLO DE CEE. Expediente Nº 2023/X999/000201.**

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



FIRMADO POR Rocio Hermida Cancela (FECHA: 08/08/2023 10:31:00) , Margarita Lamela Louzán (FECHA: 08/08/2023 12:07:00)
Versión imprimible
CVD: i5zbVl0lGhybCosMhCBH
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Cee

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal
www.cee.gal



Considerando o seguinte:

"Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Presidencia, Servizos Sociais, Benestar Social, Sanidade e Igualdade o día luns 24 de xullo de 2023 emitiuse o seguinte **DITAME**:

**"3. Proposta da alcaldía relativa a concesión de MEDALLAS DO CONCELLO DE CEE. Expediente Nº 2023/X999/000201.**

Considerando a seguinte:

**"PROPOSTA ALCALDÍA**
**ASUNTO:** CONCESIÓN DA MEDALLA DO CONCELLO DE CEE ÓS EX-ALCALDES: D. MANUEL LAMELA LESTÓN, D. MANUEL CASTRO CASTRO, D. JOSÉ ANTONIO DOMÍNGUEZ GARCÍA, D. RAMÓN RAMIRO VIGO SAMBADE E Dª ZAIRA RODRÍGUEZ PÉREZ.

**EXPEDIENTE Nº:** 2023/X999/000201

Considerando o informe emitido en data 13 de xullo de 2023, por D. Víctor Manuel Castiñeira Castro, Técnico de Administración Xeral, escala Xestión, na concellería de Cultura, Educación, Turismo e Participación Cidadá do concello de Cee , que obra no expediente de referencia.

Resultando que en sesión plenaria do 27 de xaneiro de 2023 aprobouse o Regulamento de Títulos, Honras e Distincións do Concello de Cee (BOP Nº: 57 de data 23/03/2023), que no seu artigo 4 expresamente regula:

*"Artigo 4. Medalla do Concello de Cee*
*1. A concesión da medalla do Concello de Cee outorgarase a aquelas persoas físicas ou entidades públicas ou privadas que destaquen polos seus merecementos e a súa traxectoria no sector turístico, cultural, veciñal, artístico, musical, deportivo, empresarial, social, científico ou similares.*

*2. A aprobación da concesión desta distinción requirirá acordo plenario adoptado pola maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.*

*3. Esta distinción correspondese coa imposición dunha medalla co escudo do Concello de Cee e coa entrega dun diploma artístico co escudo de Cee, con breve mención dos merecementos e entregarase nun acto solemne, procurando que coincida coa data do Día de Galicia."*

En uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente e polo artigo 11.3 do citado Regulamento, **PROPOÑO O PLENO DA CORPORACIÓN** a adopción do seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO**.- **Conceder** a Medalla do Concello de Cee a:

| |
|---|
| D. MANUEL LAMELA LESTÓN<br>D. MANUEL CASTRO CASTRO<br>D. JOSÉ ANTONIO DOMÍNGUEZ GARCÍA<br>D. RAMÓN RAMIRO VIGO SAMBADE<br>Dª ZAIRA RODRÍGUEZ PÉREZ |

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



FIRMADO POR Rocio Hermida Cancela (FECHA: 08/08/2023 10:31:00) , Margarita Lamela Louzán (FECHA: 08/08/2023 12:07:00)
Versión imprimible
CVD: i5zbVlOlGhybCosMhCBH
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Cee

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal
www.cee.gal



**SEGUNDO**.- **Proceder** de conformidade co artigo 4.3 a imposición dunha medalla co escudo do Concello de Cee e coa entrega dun diploma artístico co escudo de Cee, con breve mención dos merecementos e entregarase nun acto solemne.

**TERCEIRO**.-**Facultar** a Sra alcaldesa para a execución dos actos necesarios para levar a cabo a imposición da medalla.

**CUARTO**.- **Notificar** os interesados/as coa indicación expresa de que o presente acordo pon fin á vía administrativa, pode interpor alternativamente recurso de reposición potestativo ante o Pleno deste Concello, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Si optásese por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor Vd. calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

Asinado dixitalmente o marxe.
Alcaldesa do Concello de Cee.
Margarita Lamela Louzán."

**Sométese á votación a Proposta e resulta ditaminada favorablemente no seguinte sentido: 5 votos a favor dos grupos políticos PSOE e Mixto e 4 abstencións dos grupos políticos PP e BNG.**

A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA."

**---------------------------------------------------------INTERVENCIÓNS-----------------------------------------------**

Intervén a Sra alcaldesa: xa coñecen a proposta, a concesión de medallas do concello de Cee os ex-alcaldes hai que dicir que a gran transformación de Cee iniciase nas últimas décadas do século XIX pero será a partir da década do 70, do século XX cando teña lugar os cambios que nos levaron o que na actualidade representa a Vila de Cee e o seu concello, no proceso de transformación e dotación de servizos as diferentes corporacións municipais xurdidas dende as primeiras eleccións democráticas de 8 abril de 1979 xogaron un papel esencial, nos 40 anos transcorridos entre as eleccións de abril 79 a maio do 2019 a alcaldía de Cee estivo ocupada polas 5 persoas propostas para este recoñecementos as que tamén nalgún momento das diferentes lexislaturas formaron parte como concelleiro/a xa fose con responsabilidade de goberno ou oposición ademais 3 delas Manuel Lamela, José Antonio Domínguez e Zaira Rodríguez tamén foron deputados provinciais nalgúns anos da súa traxectoria política, non hai dubida de que todos/as procuraron acadar en función das súas posibilidades a mellora de calidade de vida dos conveciños e todos defenderon os intereses do concello de Cee como non podía ser doutro xeito, si hoxe Cee é a capital educativa, comercial, deportivo, cultural, sanitaria, de servizos entre o ámbito xeográfico entre Carballo e Muros e o traballo impulsado por Manuel Lamela, Manuel

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



FIRMADO POR Rocio Hermida Cancela (FECHA: 08/08/2023 10:31:00) , Margarita Lamela Louzán (FECHA: 08/08/2023 12:07:00)
Versión imprimible
CVD: i5zbVl0lGhybCosMhCBH
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal
www.cee.gal



Castro, Antonio Domínguez, Ramón Vigo e Zaira Rodríguez por todo elo en recoñecemento os seus servicios prestados no exercicio dos seus cargos todos eles reúnen as condicións para poder recibir a medalla do concello de Cee como máximo galardón que pode conceder o concello.
Sr Picallo: si, neste punto desde expoñer a nosa exposición pode dicirme o coste das medallas e todo o evento que está cuantificado.
Sra alcaldesa: non chega a 3000 euros
Sr Picallo: dende o PP creemos que o recoñecemento os alcaldes llo dan os veciños nas urnas, creemos que é un gasto innecesario podían ir moi ben a moitas asociacións que os poden necesitar, Vde dentro dun par de meses porque mandou o xulgado a un dos alcaldes, lle de a medalla que vai pasar si este alcalde salga inhabilitado ojalá que non, sácalle a medalla porque según o regulamento ten a mesma maioría para sacar, maioría que Vde ten, aqui complícase que é moi bonito que cho dean pero non tan bonito que cho quiten.
Sra alcaldesa: non vou sacar polémica soamente que Vde mezcla dúas cuestións diferentes, evidentemente, ningún procedemento xudicial suceda o que suceda vai a restar o que é os honores o traballo feito, porque pode haber por calquera alcalde ou alcaldesa político algún erro na súa vida política pero iso non quita en ningún momento o traballo realizado de calquera dos 5, Vde se refire a un que me merece o máximo respecto como os demais e non ten que ver unha cousa con outra, o que está claro é que estas 5 persoas, 5 ex-alcaldes han traballado cos seus acertos ou cos seus erros pero han traballado con Cee e para Cee, os erros os puidemos cometer calquera en calquera momento sobre todo cando se fan cousas si non se fan non se cometen erros
Sr Picallo: se equivoca o que fai algo na vida o que non fai nunca se equivoca, isto quer dicir que si este ex-alcalde sae inhabilitado Vde non lle retira a medalla?
Sra alcaldesa: evidentemente non, non ten que ver unha cousa con outra e non vou continuar con esta polémica, porque xa está, expliquei claramente porque merecen estes 5 ex-alcaldes a medalla do Concello é mais, Vde fai referencia as diferentes asociacións evidentemente cas asociacións teñen a axuda que teñen que ter dende o Concello e tiveron por todos os alcaldes, pero os alcalde que desempeñan ou alcaldesa que desempeñe que está nun cargo de máxima responsabilidade dun concello traballa a pro dos seus veciños e veciñas de Cee, estou completamente segura de que calquera destes 5 ex-alcaldes pasaron noites sen durmir en beneficio dos veciños e veciñas de Cee e voulle ser moi dura, nunha palabra eles quedaron sen durmir para defender os intereses dos veciños de Cee e seguro que Vde quedou sen durmir algunha noite porque os veciños de Cee lle dixeron que non.
Sr Picallo: moitas gracias polo recoñecemento que me fai eu con que non retire a medalla si pasa algo xa quedo mais tranquilo.
Sra alcaldesa: nunca esqueza unha cousa non falte Vde nunca, nunca, respecto por moitas bueno a veces discrepancias que podamos ter politicamente eu como alcaldesa cos anteriores ex-alcaldes nunca espere que o meu respecto o vou ter o máximo.
Sr Picallo: si pero non lle costou traballo levalos o xulgado os catro concelleiros, non lle costou traballo.
Sra alcaldesa: eu puxen en coñecemento de fiscalía uns feitos e continuou o ministerio fiscal nada mais e agora será un xulgado o que teña que decidilo eu simplemente puxen en coñecemento fiscalía uns feitos, pero Vde sabe o que lle pasa? se nota que Vde non é de Cee non sinte nin que é de Cee, hasta aí.
Sr Picallo: mire unha cousa, lle guste ou non lle guste, somos os lideres da oposición durmo perfectamente, é mais, debería darme unha medalla a min que Vde está aí porque eu me presentei, os da oposición tamén traballamos e tamén merecemos un respecto eu me alegro que

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



FIRMADO POR Rocio Hermida Cancela (FECHA: 08/08/2023 10:31:00) , Margarita Lamela Louzán (FECHA: 08/08/2023 12:07:00)
Versión imprimible
CVD: i5zbVlOlGhybCosMhCBH
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Cee
Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal
www.cee.gal



estea aí, pero trate con respecto, todos sabemos a que ven o fasto que vai facer Vde estes días, non fai falta que se digan unhas cousas e outras, eu quedo tranquilo, Sra secretaria que conste en acta, que sendo alcaldesa non lle retire a medalla a nadie que aqui pode pasar de todo, un día dinche unha cousa e outro outra, nada mais, non teño que entrar en debate.
------Solápanse voces-------
Sra alcaldesa: non se preocupe.
Sr Picallo: estou aqui para felicitala nos éxitos e criticala nos erros, ten que aceptalo a verdade é que non é cómodo.
Sra alcaldesa: espero que me felicite nos acertos tamén.
Sr Picallo: por suposto, pero a ver se os ten porque de momento non vemos nada, xa teremos plenos para debater que vou estar aqui 4 anos.
Sra alcaldesa: o que considere así foi elixido para eso.

**-----------------------------------------------------------VOTACIÓN---------------------------------------------------------**

**Sométese á votación a Proposta e resulta aprobada no seguinte sentido: 8 votos a favor do grupo político PSOE e Mixto e 5 abstencións dos grupos políticos PP e BNG.**

4. **Proposta da alcaldía relativa a modificación da Relación de Postos de Traballo: Posto CÓDIGO 02.01.01. Expediente Nº 2023/E004/000001.**

Considerando o seguinte Ditame:

“Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Presidencia, Servizos Sociais, Benestar Social, Sanidade e Igualdade o día luns 24 de xullo de 2023 emitiuse o seguinte **DITAME**:

**“4. Proposta da alcaldía relativa a modificación da Relación de Postos de Traballo: Posto CÓDIGO 02.01.01. Expediente Nº 2023/E004/000001.**

Considerando a seguinte:

**PROPOSTA ALCALDÍA**
**Expediente núm.:** 2023/E004/000001
**Procedemento:** Modificación da relación de postos de traballo
**Asunto:** Modificación Posto Código 02.01.01

Margarita Lamela Louzán, alcaldesa do Concello de Cee, considerando que a vixente Relación de Postos de Traballo de persoal funcionario do Concello de Cee inclúe, co código 02.01.01, o posto de traballo de “Técnico/a de Administración Xeral” e que na actualidade este posto de traballo está vacante.
Á vista das necesidades e carencias detectadas, postas de manifesto reiteradamente nos informes da Secretaría e da Interventora municipais, a Alcaldía propón modificar a vixente RPT de persoal funcionario, eliminando o posto de traballo de Técnico/a de Administración Xeral creando, no seu lugar, un novo posto de traballo de Técnico/a de Xestión de Recursos Humanos.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



FIRMADO POR Rocio Hermida Cancela (FECHA: 08/08/2023 10:31:00) , Margarita Lamela Louzán (FECHA: 08/08/2023 12:07:00)
Versión imprimible
CVD: i5zbVlOlGhybCosMhCBH
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Cee

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal
www.cee.gal



Para a determinación do contido funcional do posto, alén do exame das necesidades do Concello, tivéronse en conta as obrigas de cumprimento legal preventivo estabelecidas na lexislación vixente en materia de seguranza e riscos laborais, igualdade de xénero e protección de informantes.

O novo posto integraríase na área 02 ("Intervención"), servizo 02.01 ("Servizo de Apoio Técnico á Intervención e Xestión de Recursos Humanos") co código 02.01.01.

A valoración do posto de traballo realízase aplicando o disposto no Manual da RPT de persoal funcionario, procurando a equiparación do CD e do CE co estabelecido nese documento para postos de traballo similares.

**Vista** a PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO CONCELLO DE CEE elaborada por D. Carlos Aymerich Cano con data 6 de xullo de 2023.

**Considerando** o informe de Secretaría e Intervención emitido o 7 de xullo de 2023, favorable á tramitación.

**Resultando** que a Mesa Xeral Negociadora celebrada o 14 de xullo de 2023, acada consenso/negociación positiva por unanimidade dos presentes.

**PROPOÑO o PLENO DA CORPORACÓN** a adopción do seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.** Aprobación inicial da modificación do Posto con Código 02.01.01 incluído na actual RPTPF deste Concello, co texto seguinte:

**FICHA DESCRITIVA DO NOVO POSTO DE TRABALLO DE TÉCNICO/A DE XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS**

| **DENOMINACIÓN DO POSTO** | TÉCNICO/A DE XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS |
|---|---|
| **FUNCIÓNS PRINCIPAIS:**<br><br>1. Administrar e controlar as cuestión relativas á xestión do persoal ao servizo do Concello.<br>2. Administrar e actualizar os instrumentos de xestión e planificación de recursos humanos (cadro de persoal, relación de postos de traballo, etc.).<br>3. Participación na xestión das relacións de emprego público, participando nas negociacións coa representación do persoal municipal.<br>4. Elaboración e xestión das nóminas do persoal.<br>5. Xestión das cotizacións á Seguranza Social e das retencións fiscais que correspondan, mantendo as correspondentes relacións coas entidades xestoras, así como a xustificación de subvencións relativas a persoal.<br>6. Xestión e cumprimento das obrigas legais en materia de igualdade de xénero e de seguranza, hixiene e saúde laboral.<br>7. Representación técnica do Concello na xurisdición social, de acordo co disposto no artigo 21 da Lei da Xurisdición Social.<br>8.Comunicacións trimestrais e outras á Axencia Tributaria.<br>9. Apoio o Departamento de Intervención.<br>10. Calquera outra, propia da súa capacitación profesional, e vinculada co posto | |

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



FIRMADO POR Rocio Hermida Cancela (FECHA: 08/08/2023 10:31:00) , Margarita Lamela Louzán (FECHA: 08/08/2023 12:07:00)
Versión imprimible
CVD: i5zbVlOlGhybCosMhCBH
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal
www.cee.gal



| | | | |
|---|---|---|---|
| **POSTOS HOMOXÉNEOS** | 1 (S) | **CÓDIGO** | 02.01.01 |
| **REQUISITOS:** Grao universitario ou diplomatura en Relacións Laborais e Recursos Humanos, Graduado Social ou equivalente. | | **PRAZAS DE PLANTILLA QUE PODEN OCUPALO** | FUNCIONARIO/A |
| **GRUPO/SUBGRUPO** | | | A2 |
| **ESCALA** | | | ADMINISTRACIÓN ESPECIAL |
| **SUBESCALA** | | | TÉCNICA |
| **FORMA DE PROVISIÓN** | | | CONCURSO |
| **COMPLEMENTO DE DESTINO** | | | NIVEL 24 |
| **COMPLEMENTO ESPECÍFICO** | | | 12.000 |
| **OBSERVACIÓNS** | | | A.L. |

